

**FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY**

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL
Servizo de Planificación e Xestión de RR.HH.

Asunto: **SOLICITUDE DE VALORACIÓN DOS POSTOS TITOR/A E TITOR/A GARDA**

O Fogar Infantil Emilio Romay (FIER) é un centro de acollida á infancia de 0-12 anos en situación de desamparo ou risco psicosocial. Dispón de cinco vivendas normalizadas, onde se presta unha atención integral 24 horas todos os días do ano, baseada na relación de convivencia e tratando de crear un entorno similar ao familiar doutras/os menores.

O **posto de titor/a** neste centro implica ser responsable dunha vivenda e ser a persoa de referencia para os/as nenos/as, as súas familias e persoal asignado a esa unidade de convivencia. Asume a responsabilidade da intervención directa, da aplicación do proxecto educativo individual, do seguemento da súa evolución e actuará como profesional referente para todas as cuestións que lle afecten ás crianzas e as respectivas familias.

A súa xornada laboral comprende de luns a venres, de 10.30 a 18 horas, privilexiando os momentos importantes do día no que son referencia. No horario de mañá hai máis tarefas de administración, xestión, coordinación e supervisión co equipo do Fogar e outras institucións (sanitario, escolar, xudicial, etc), ao mediodía aproveitase o espazo socioeducativo que ofrece a comida co/as menores e polas tardes existe un traballo importante coas familias, os nenos e nenas.

O **posto de titor/a de garda** comprende xornadas específicas de 24 horas (de 11h a 11h do día seguinte) cos seus correspondentes descansos e ten, entre outras, as seguintes funcións:

- Dar resposta inmediata ás situacións de urxencia, emerxencias sanitarias, seguridade do centro e das persoas, así como aquelas que aínda sendo previsibles se produzan na súa xornada laboral.
- Ser a figura de referencia en ausencia do/a titor/a, asumindo a responsabilidade no funcionamento da unidade de convivencia.
- Desenvolver tarefas que lle encomende a dirección durante a xornada e en ausencia desta.
- Controlar e facer o seguemento das visitas, saídas e/ou outros contactos familiares durante os días festivos, fins de semana e na ausencia do/a titor/a ou por delegación.
- Reforzar e apoiar os distintos servizos durante a súa xornada.
- Responsabilizarse da recollida, rexistro e comunicación de calquera incidencia que se produza.

**FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY**

En relación aos postos de titor/a e titor/a de garda do FIER, hai que ter en consideración estes factores:

- Condución de vehículos:

O Fogar dispón de dous vehículos para o transporte diario de nenas/os (de forma individual ou grupal) e de mercadorias (roupa, medicación, material infantil, etc).

Un dos principios do FIER é tratar de normalizar a vida das crianzas, asemellándose ao máximo á vida diaria dunha familia. Dende o centro priorízase o uso do transporte público, mais a execución de certas actividades (sanitarias, escolares, xudiciais, deportivas, lecer, etc) implica o traslado de varios/as nenos/as ao mesmo tempo e diferentes concellos da provincia.

Conforme ao disposto no Regulamento Xeral de Circulación, os/as menores precisan diferentes tipos de cadeiras según a súa idade, estatura e peso. Moitas veces, o emprego do servizo de taxi non cumpre as necesidades porque nos vehículos da cidade non sempre hai dispoñibilidade dos sistemas de retención infantil. Tamén hai as/os nenas/os acollidos no centro con necesidades especiais (como o uso de cadeira de rodas), que complican o seu traslado.

Ademais das dificultades de utilización de transporte público, existen limitacións horarias e urxencias que fan ineludible que algún persoal do centro reúna os requisitos para a utilización dos vehículos propios.

Debido á tipoloxía de traballo no FIER, na convocatoria do proceso selectivo para a provisión dos mencionados postos no ano 2006 estableceu entre outros requisitos o permiso de conducir clase B. O catálogo de funcións dos postos da Deputación Provincial non reflicte a condución cando é unha actividade habitual, polo que debe subsanarse.

- Conciliación:

O posto de titor/a no FIER implica unha serie de responsabilidades e funcións específicas que requiren da súa presenza nuns horarios establecidos (en especial nos de maior presenza de nenas/os no Fogar e dos encontros familiares), que son esenciais para o desenvolvemento das actividades que levan a cabo.

Destacar a importancia de que o/a titor/a interactúe diariamente coas crianzas. Precisan dun acompañamento nos hábitos de estudo e apoio escolar, traballo das habilidades necesarias, seguemento a través da observación e outros medios válidos para obter información, establecemento de vínculos que permitan una boa coordinación na intervención do caso...

O traballo coas familias das crianzas é outra tarefa relevante deste posto, polo que é fundamental manter o contacto, non só para obter información do funcionamento familiar, coñecer o que lles preocupa, as súas actitudes, senón tamén para apoiar, motivar, orientar e asesorar sobre diversos temas, adquirir habilidades socioeducativas, etc. Esta intervención soe producirse aproveitando a asistencia das familias ao centro con motivo das visitas e/ou saídas co/as nenos/as.

**FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY**

Os encontros familiares permiten o persoal titor observar directamente as interaccións entre a familia e crianzas, determinando o grao de motivación, a adecuación na súa actividade durante os contactos, o grao de vinculación entre eles, a súa capacidade para atendela/o, o grao de cooperación ou implicación, etc., que poden axudar significativamente a realizar unha avaliación que permita desenvolver programas de intervención máis axeitados e ver cómo evolucionan.

As visitas familiares están organizadas nos diferentes días da semana, sobre todo de luns a venres e a súa ampla maioría no horario de tarde. Existen varias á vez e a frecuencia das visitas debe ser maior no caso de nenos/as pequenos debido a escasa capacidade para comprender conceptos temporais e para facilitar o apego. A titora de garda non pode suplir ao persoal titor en todos os encontros e ademais encargarse das súas propias tarefas. Algunhas visitas tamén necesitan unha supervisión intensa (dentro das mesmas salas e intervindo a miúdo), outras da presenza do/a titor/a que modele determinados comportamentos das familias ou proporcionarlle pautas de interacción coas crianzas.

Por outra banda, o servizo de garda non pode quedar descuberto polas súas características especiais e funcionamento do centro. As ausencias deste persoal implican que outras persoas do mesmo servizo teñan que modificar a súa xornada xa que non hai outros postos que poidan substituílas.

En definitiva, o FIER é un centro residencial que presta unha atención de carácter permanente e de forma ininterrompida durante todo o ano. É imprescindible cubrir as necesidades de intervención e atención dos/as menores e as familias, fundamentalmente cando hai maior presenza (que coincide maioritariamente fora do horario escolar), polo que estes postos non poden dispor de conciliación.

Á vista de todo o anterior e tendo en conta as dificultades existentes para a prestación do servizo, é necesario valorar estes dous factores para os postos de titor/a de garda e titor/a. En concreto, debido ás características do centro e á situación da prestación do servizo do centro, solicítase o abono das retribucións económicas que correspondan por non poder gozar das medidas de conciliación e a atribución do permiso de conducir B.

A Coruña, 30 de xullo de 2025

M. Carmen Díaz Sanesteban
Dirección